



Adoración Martín

Responsable do sector lácteo Unión de Uniones de Agricultores y Ganaderos

A nova extensión de norma da INLAC ou de cando o inimigo xoga na casa

extensible e obrigatorio para todos os produtores e operadores do sector en cuestión, formen ou non parte da Interprofesional". A través deste acordo, todos os produtores e operadores dan unha achega económica para que a Interprofesional leve a cabo actividades de promoción que axuden a fomentar o consumo e a posta en valor do leite *made in Spain*.

A cifra que temos que pagar, na mesma proporción que a industria, non é pequena: é de 0,175 €/1.000 litros ou, o que é o mesmo, 175 € por millón de litros e é obrigatoria para vacún, ovino e caprino de leite, coa que está a caer e o pouco que nos representa a Interprofesional a moitos.

A actual extensión de norma está en vigor ata o 31 de decembro de 2022 e dá medo pensar no futuro, porque a isto hai que sacarlle moitos peros, polo lado económico e polo lado da organización de lexitimidade.

Neste sentido, Unión de Uniones de Agricultores y Ganaderos presentou as súas alegacións ante a extensión de norma proposta pola INLAC, por considerar que vulnera o regulamento europeo da organización de mercado e non cumpre cos criterios de representatividade esixidos para poñela en marcha.

Fixemos chegar as nosas alegacións á proposta de extensión de norma e de achega económica obrigatoria, solicitada pola INLAC para os próximos catro anos, poñendo de manifesto que esta non acredita a súa representatividade en todas e cada unha das circunscricións económicas que forman o mercado español, tal e como esixe o Regulamento (UE) 1308/2013 de organización común de mercados dos produtos agrarios.

Neste trámite, o Ministerio de Agricultura está obrigado a verificar que se dan as condicións impostas pola norma europea mediante controis periódicos. Sendo a representatividade da Interprofesional un requisito fundamental da extensión de norma,

o Ministerio non debería aprobala ata que non comprobábase que esta cumpre.

Iso, polo que respecta á súa lexitimidade; polo que respecta ao eido económico, a INLAC pretende seguir dispoñendo dun volume importante de recursos recadados do sector que, en exercicios pasados, se pode estimar nuns 1,2 millóns de euros anuais.

A metade destes fondos detraéronse do prezo pago aos produtores. Na proposta actual preténdese aumentar as achegas do sector, tamén as dos produtores, de maneira que a cotización obrigatoria suporía para a INLAC un montante de 11,8 millóns de euros no período 2023-2026.

Desde Unión de Uniones parécenos un descaro absoluto pretender que os gandeiros aumenten a súa achega coa crise que levamos arrastrando e máis agora, co increíble aumento dos custos de produción, con gandeiros sacrificando vacas ou pechando granxas.

Ademais, a Interprofesional está a facer os deberes a tombos, porque tampouco se ve que aumente o consumo como para que se xustifique a súa actividade que, ao contrario, fai augas por todas as partes, polo menos pola parte dos gandeiros.

De feito, cremos que son o resto dos operadores da cadea, e entre eles a rama industrial, os que obteñen un beneficio claro das accións emprendidas pola INLAC.

Nós opoñémonos categoricamente a participar nisto, porque aos gandeiros non nos sobra o diñeiro e como organización estamos dispostos a chegar ata onde sexa necesario pola vía xurídica para defender os produtores.

Se o Ministerio non nos fai caso nas nosas alegacións, que ten toda a pinta, recorreremos aos tribunais, como xa fixemos coa extensión de norma de Provacuno. Dende logo, non nos imos quedar de brazos cruzados mentres nos remata quen, para máis inri, debería axudar a salvarnos. ■

Creo que xa ninguén dubida de que o sector lácteo está en crise dende hai tempo, quizais dende a fin das cotas lácteas, que produciu unha desorde importante no mercado e un desequilibrio que parece ser *sine die*.

Durante a desorde, baixaron o consumo e tamén os prezos percibidos polos agricultores –que non percibidos polos consumidores, ollo–, o que lastrou as producións desde entón; todo isto, obviamente, aderezado por unha lei de cadea alimentaria que pouco entende de xustiza e por un ministro que debe rezar cada mañá aquilo de “oxalá quede como estou”.

Iso mesmo tamén lle pasa á Organización Interprofesional Láctea (INLAC), que debería estar animando ao consumo e poñendo en valor o leite que producimos con tanto esforzo, tanto tempo de dedicación e tanto arraigamento á nosa terra.

En cambio, a INLAC, desde o noso punto de vista, frega as mans, cal mosca *cojonera* pensando no que levará para a saca coa súa extensión de norma.

Para deixar as cousas claras, convén entender que é a extensión de norma e que supón para os gandeiros. A propia INLAC defínea como “un acordo tomado no seo da Interprofesional que se fai